



CONSELLERÍA DE FACENDA

SECCIÓN 06

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

No Decreto 307/2009, do 28 de maio, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, segundo se dispón no artigo 1º estrutúrase nos seguintes órganos:

1. O/a conselleiro/a
2. A Secretaría Xeral e do Patrimonio
3. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
4. A Dirección Xeral de Orzamentos
5. A Dirección Xeral de Tributos
6. Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro
7. A Dirección Xeral de Planificación e Fondos
8. A Dirección Xeral da Función Pública
9. Os Departamentos territoriais
10. Os Órganos colexiados

Adscribíense á consellería as seguintes entidades:

1. O Instituto Galego de Estatística, organismo autónomo de carácter administrativo que se axustará, en canto aos seus fins, estrutura e funcionamento, ao previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia; modificada polas Leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, e 16/2006, do 27 de decembro, e as demais normas que as desenvolven.
2. O Tribunal Galego de Defensa da Competencia, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico.Financeira e contable (CIX-TEC), entre de dereito público creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, e que inicia a súa actividade polas determinacións do Decreto 360/1998, do 4 de decembro.
4. O Consello Económico e Social de Galicia, entre institucional de dereito público, órgano consultivo da Xunta de Galicia en materia socioeconómica, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, , en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de autonomía de Galicia

Así mesmo, adscritos á consellería existirán os órganos colexiados seguintes:

1. A Xunta Superior de Facenda, creada coa denominación de Tribunal Económico Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 13/1991, do 9 de decembro, e regulada polo Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, que modifica a súa denominación en virtude do exposto na disposición adicional primeira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia.

2. A Comisión Orzamentaria da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, creada polo Decreto 206/1996, do 24 de maio.
3. A Comisión de Fondos Comunitarios, creada polo Decreto 13/1997, do 23 de xaneiro.
4. A Comisión de Nóminas, creada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 3 de marzo de 2000.
5. A Comisión de Seguimento e Control do Gasto Corrente, creada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2000.
6. A Comisión de Persoal da Xunta de Galicia creada pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e regulada no artigo 20 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e polo Decreto 156/1988, do 9 de xuño.

O Decreto 307/2009, do 28 de maio, establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e sinala as competencias de cada un dos seus centros directivos.

1.1.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de autonomía.

O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece no artigo 7 as seguintes competencias da Consellería de Facenda:

1. A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na foma que esta determine.
2. A elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma.
3. O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da comunidade.
4. A ordenación de pagamentos nos termos establecidos na presente lei.
5. O exercicio directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública
6. A administración, xestión e recadación dos dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma, e o desenvolvemento das actividades inherentes ao exercicio da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a comunidade no artigo 49 do Estatuto de autonomía.
7. As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e caixas de aforro que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.
8. As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO

Exercerá as funcións e competencias establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia e demais normativa autónoma que lle sexa aplicable entre as que se inclúen as seguintes:

1. Asistencia técnica e administrativa ao conselleiro nos asuntos que lle encomende.
2. Xestión económica e orzamentaria dos créditos asignados.
3. Xestión do persoal adscrito á consellería así como a coordinación dos asuntos de réxime interno e o plan de formación da consellería.
4. En caso de ausencia ou enfermidade do conselleiro correspóndenlle as funcións ordinarias de despacho e sinatura de asuntos de trámite.
5. O exercicio das competencias que resultan da orde de delegación de competencias da conselleira na secretaría xeral de data 27/04/2009 e aquelas outras que lle sexan encomendadas pola titular da consellería.

Correspóndelle así mesmo á secretaría xeral o exercicio das competencias que as normas reguladoras do patrimonio da comunidade autónoma lle atribúen á Consellería de Facenda, entre elas as seguintes:

1. A coordinación e normalización do tráfico xurídico dos bens patrimoniais da comunidade autónoma e a forma de utilización dos bens de dominio público, así como a xestión de todos os asuntos concernentes á administración a ao tráfico dos ditos bens.
2. O control dos ingresos e rendementos que lle proporcione á comunidade autónoma o seu patrimonio, sen prexuízo das competencias doutros centros directivos da consellería.

Finalmente, en materia de contratación pública, correspóndelle, entre outras:

1. O desempeño da presidencia da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e o apoio á mesma a través da súa secretaría xeral.
2. A organización, mantemento e custodia do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A organización, mantemento e custodia do Rexistro Xeral de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Correspóndenlle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a dependencia da persoa titular da Consellería de Facenda, as seguintes competencias:

1. Efectuar o control interno da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro na forma e co contido previstos no capítulo I do título V da lei de réxime financeiro e orzamentario

de Galicia.

2. A dirección e xestión da contabilidade pública na forma e co contido previstos nos capítulos II e III do título V da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na Orde de 1 de decembro de 1989, pola que se implanta un novo sistema de información contable na Administración da Xunta de Galicia.
3. As actuacións de control financeiro de subvencións de acordo co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento.
4. As actuacións de auditoría de fondos comunitarios que lle correspondan, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios e a restante normativa de aplicación.
5. A xestión da información económico-financeira e formulación de informes e propostas de actuación derivadas do exercicio das súas funcións contables e de control.
6. O exercicio das demais funcións que lle asigna a lei e outra normativa de aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS

Correspóndenlle as seguintes competencias:

1. Realización de estudos e actuacións relativas á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á comunidade autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas.
2. Elaboración do proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma, así como o desenvolvemento das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda en materia orzamentaria.
3. Análise económico-financeira da evolución orzamentaria na súa vertente de ingresos e gastos, podendo, se é o caso, propoñer aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orzamentario.
4. O exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda en materia de retribucións do persoal, aprobación e modificación de anexos de persoal, autorización da masa salarial en convenios e acordos colectivos e, en xeral, en todas aquelas materias relacionadas con decisións sobre o persoal que teñan repercusión económica.
5. A xestión do Fondo de Cooperación Local.
6. Polo que se refire ao Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das competencias xerais incluídas nos puntos precedentes, correspóndelle a este centro directivo:
 - a) Establecer os criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
 - b) Coñecer aqueles actos de control, inspección e avaliación da xestión, tanto en centros ou servizos sanitarios propios coma concertados, efectuados pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, que teñan contido económico e que sexan de interese para a Consellería de Facenda.
 - c) Emitir informe sobre os proxectos de novos investimentos e novos servizos, en canto a súa incidencia nos gastos recorrentes.
 - d) Así mesmo, requirirán informe da dirección xeral o establecemento de concertos de

vinculación, revisión de tarifas ou outras modificacións nas condicións económicas dos servizos concertados que impliquen a adquisición de novos compromisos financeiros ou que condicionen a asignación dos recursos económicos para futuros exercicios.

7. A solicitude aos centros xestores de gastos e demais entidades do sector público autonómico de tanta información resulte precisa para o axeitado exercicio das competencias recollidas nos puntos anteriores.
8. A definición e coordinación da formación específica do seu persoal nas materias relacionadas coa política económica e orzamentaria; co contido e estrutura das políticas de gasto público, coas técnicas de previsión económica, orzamentarias e de avaliación de obxectivos e proxectos, e coas demais materias de coñecemento imprescindible para un axeitado exercicio das súas competencias

DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

1. A análise e o deseño da política global de ingresos públicos, no relativo aos tributos cedidos polo Estado á comunidade autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
2. A dirección, impulso, planificación, coordinación, control e execución da xestión e inspección e revisión dos tributos cedidos, así como da xestión e inspección e revisión dos tributos propios e prezos que corresponden á Xunta de Galicia, aos seus organismos autónomos e demais entidades de dereito público dependentes dela.
3. O impulso e a coordinación das relacións de colaboración que en materia tributaria poidan establecerse con outras administracións públicas.
4. A elaboración das normas relativas aos ingresos de dereito público a que se refiren os puntos anteriores, así como a emisión de instrucións e circulares para o seu cumprimento.
5. A dirección da xestión recadatoria nos seus dous períodos, así como a autorización das contas restrinxidas de recadación e o seu control, de acordo co previsto na lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no regulamento xeral de recadación, sen prexuízo das actuacións de coordinación que procedan, para estes efectos, coa Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.
6. Apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

Exercerá as competencias seguintes:

1. O desenvolvemento e execución das funcións que lle corresponden á Comunidade Autónoma en materia financeira, en especial as relativas a:
 - Endebemento da Administración xeral da comunidade autónoma, e doutros entes públicos da comunidade.
 - Operacións de garantía que corresponda outorgar ao Consello da Xunta de Galicia, así como os procedementos de reintegro que se inicien polos avais executados con cargo á tesourería da comunidade autónoma.

- Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
 - Centros de contratación de valores.
 - Mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e outras entidades aseguradoras.
 - Mediación de seguros e reaseguros privados.
 - Caixas de aforro e demais entidades financeiras.
 - Ordenación do crédito, banca e seguros.
2. A xestión da tesourería da comunidade autónoma e, en canto estea atribuída á comunidade a doutros entes públicos, en especial:
- A realización dos ingresos.
 - A ordenación xeral de pagamentos en canto lle fose delegada polo conselleiro/a de Facenda.
 - A ordenación xeral de pagamentos do Servizo Galego de Saúde, así como a periodificación de pagamentos e provisión de fondos dos seus centros de xestión.
 - A xestión dos depósitos e fianzas que deban constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da comunidade autónoma, así como a coordinación na materia dos departamentos territoriais.
 - Autorización da apertura de contas nas entidades de crédito e aforro e o seu réxime de disposición, de acordo co establecido na lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, sen prexuízo daquelas que corresponden á Dirección Xeral de Tributos.
 - A xestión e rendibilización de todos os recursos financeiros da tesourería xeral e a súa distribución para o pagamento das obrigas.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E FONDOS

Correspóndenlle á Dirección Xeral de Planificación e Fondos, baixo a dependencia da persoa titular da Consellería de Facenda, as seguintes competencias:

1. O exercicio de todas as competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á comunidade autónoma en materia de planificación económica.
2. A realización dos traballos e estudos relativos á elaboración, seguimento e avaliación da planificación da actividade económica da comunidade autónoma e dos programas económicos a medio e longo prazo.
3. A análise e estudo da actividade económica en xeral, e das actuacións de política económica e investimentos públicos da Administración autonómica, en particular, a avaliación dos programas económicos sectoriais e territoriais, así como, se é o caso, a instrumentación de propostas para a corrección dos desequilibrios rexionais.
4. O seguimento das actuacións e do impacto económico a medio prazo da política económica da Administración autonómica, e das políticas comunitarias, nacionais e rexionais.
5. A relación sobre materias relativas á Unión Europea (UE) e á política económica, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma como doutras administracións, a través dos órganos

colexiados de coordinación que correspondan ou das diversas comisións sectoriais establecidas.

6. Así mesmo, e sen prexuízo das competencias sectoriais doutras consellerías, o mantemento de relacións con outras administracións públicas, cos sectores socioeconómicos e axentes sociais en canto se refire ao seguimento das súas actuacións investidoras, e co Consello Económico e Social de Galicia.
7. A coordinación coa Dirección Xeral de Orzamentos para os efectos da repercusión da planificación económica no cálculo do orzamento.
8. A coordinación e o impulso de actuacións da Administración autonómica en materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais da Unión Europea.
9. A coordinación das relacións coa Administración xeral do Estado e, se é o caso, coa europea, en materias de coordinación de investimentos, en canto á programación a medio prazo.
10. A coordinación de actuacións tendentes ás demandas de información das inspeccións técnicas e financeiras comunitarias.
11. As competencias atribuídas no Regulamento da comisión relativo aos organismos intermedios.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A Dirección Xeral da Función Pública é o órgano ao que lle corresponde a execución da política de persoal da Administración da Xunta de Galicia nos termos previstos na lei da función pública e demais normativa que a desenvolva, a xestión das competencias atribuídas á Consellería de Facenda nesta materia e a resolución daquelas que lle delegue a conselleira. A tal fin, coordinará a actuación dos órganos competentes en materia de persoal das distintas consellerías e organismos autónomos dependentes delas, ditando as instrucións oportunas.

A Dirección Xeral da Función Pública exercerá as seguintes competencias:

1. A realización dos estudos e traballos que en materia de persoal se lle encomenden ou considere adecuados efectuar.
2. A elaboración dos anteproxectos de disposicións en materia de función pública.
3. A proposta das convocatorias e resolucións dos concursos de traslados para a provisión de postos de traballo dos distintos corpos, escalas e categorías á conselleira ou conselleiro, así como a fixación dos criterios aos que deberán someter todas as convocatorias públicas de libre designación.
4. A elaboración das ofertas de emprego público
5. A proposta á conselleira ou conselleiro da convocatoria das probas selectivas para o ingreso nos corpos, escalas e categorías da Administración da Xunta de Galicia adscritos á Consellería de Facenda.
6. A tramitación dos expedientes de incompatibilidades do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

7. A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autónoma sometidos á Lei 9/1996, do 18 de outubro, pola que se establece o réxime de incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, así como a custodia e a xestión dos rexistros de incompatibilidades de altos cargos.
8. A coordinación das relacións laborais e sindicais con respecto ao persoal ao servizo da Administración da comunidade autónoma.
9. As convocatorias da listas para a cobertura temporal de postos de persoal funcionario e laboral adscritos á Consellería de Facenda.
10. A proposta, se é o caso, ao órgano competente da incoación de expedientes disciplinarios cando se detecten indicios racionais de responsabilidade administrativa na actuación do persoal, a elevar ao Consello da Xunta as propostas de imposición da sanción de separación do servizo ou despedimento do persoal xestionado pola Dirección Xeral da Función Pública.
11. A emisión dos informes preceptivos sobre os proxectos de disposicións que afecten ao persoal ou a estrutura orgánica, e así o estableza a normativa vixente.
12. A elaboración dos estudos e propostas sobre o dimensionamento dos cadros de persoal e as relacións de postos de traballo, así como a elevación ao Consello da Xunta das propostas ou modificacións das relacións de postos de traballo para a súa aprobación.
13. A xestión e confección do Rexistro de Persoal da Xunta de Galicia no seu ámbito competencial.

1.1.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O Instituto Galego de Estatística, organismo autónomo de carácter administrativo creouse pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia; modificada polas Leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, e 16/2006, do 27 de decembro, e as demais normas que as desenvolven.

A súa competencia básica é a dirección e coordinación da actividade estatística no ámbito competencial da comunidade autónoma.

TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

Créase ao abeiro da Lei 6/2004, do 12 de xullo, como organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias, que ten como finalidade xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo a existencia nos mesmos dunha competencia efectiva.

1.1.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

DOS ENTES PÚBLICOS

CENTRO INFORMÁTICO DE XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE (CIXTEC)

Creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, e que inicia a súa actividade polas determinacións do Decreto 360/1998, do 4 de decembro.

O obxecto do Cixtec é o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración dos equipos necesarios para realizar os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira e, en xeral, os relacionados cos anteriores.

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socio-económica, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilitar a participación da cidadanía galega na vida política, económica, social e cultural.

DAS SOCIEDADES MERCANTÍIS

SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A (SPI)

Creada ao abeiro do artigo 55.2 do Estatuto de autonomía e, de conformidade co previsto nos artigos 45.1 e 3 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante Decreto 56/1997, do 6 de marzo, modificado polo Decreto 260/2002, do 30 de xullo. A Sociedade Pública Investimentos de Galicia, S.A. ten por obxecto, entre outros, a proxección, construción, conservación, explotación e promoción de toda clase de infraestruturas nas que participe ou promova a Xunta de Galicia, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas.

AUTOESTRADA ALTO DE SANTO DOMINGO-OURENSE, S.A (ACEOUSA)

Creada polo Decreto 254/2003, do 24 de abril, e participada integramente pola Sociedade Pública de Investimentos (SPI).

Ten por obxecto o exercicio dos dereitos e o cumprimento das obrigas relativas á xestión da concesión administrativa que se lle outorgou, por Decreto da Xunta de Galicia, para a construción, conservación e explotación da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, tramo de Alto de Santo Domingo-A52.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

A suma total dos créditos que o proxecto de orzamentos asigna á consellería ascende, en cifras consolidadas cos organismos autónomos, a 55.441.609 euros.

A Consellería de Facenda é a responsable, así mesmo da xestión orzamentaria dos créditos consignados neste exercicio na sección de "Gastos de diversas Consellerías", de "Débeda Pública" e de "Transferencias a corporacións locais".

Os importes dos recursos asignados á Consellería de Facenda no proxecto de orzamentos para o exercicio 2011, veñen marcados un ano máis pola situación de crise económica e financeira e, polo tanto, deben perseguir o incremento do grao de eficacia e eficiencia do gasto público da consellería co fin de crear unha administración moderna baseada na planificación e na xestión por resultados nun escenario de control do gasto e de austeridade.

Os principais obxectivos estratéxicos que se pretenden conseguir son os seguintes:

1. A continuación do plan de modernización dos procesos da consellería iniciados no exercicio 2010 no que se refire á modernización dos procesos e, fundamentalmente, a aqueles que teñen que ver cos servizos que se prestan ao cidadano.
2. A finalización dos procesos de actualización legislativa coa aprobación de novas leis nas materias de patrimonio, función pública e réxime financeiro, orzamentario e de control.

As actuacións máis importantes que se levarán a cabo no exercicio 2011, son as seguintes:

1. Posta en funcionamento das novas utilidades da Plataforma de Contratos: licitación electrónica e informatización do rexistro de contratistas, actuacións que se están desenvolvendo e que se poderán implantar a principios de 2011.
2. Instalación en tódalas consellerías da nova aplicación de xestión do inventario da comunidade autónoma.
3. Aplicación do novo sistema de xestión das pólizas de seguros.
4. Remisión ao Parlamento do anteproxecto de lei de función pública.
5. Remisión ao Parlamento do anteproxecto de lei de Patrimonio da comunidade autónoma.
6. Remisión ao Parlamento do anteproxecto de lei de finanzas.

Estas actuacións desenvolveranse dende os diferentes centros directivos, organismos e entes públicos tal e como se detalla a continuación.

SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO

En coordinación co Cixtec fomentar a e-administración para a gradual informatización de

procesos administrativos e moi expresamente aqueles que teñan como finalidade facilitar as relacións coa cidadanía e as empresas.

Neste obxectivo operativo enmárcanse os desenvolvementos de aplicacións informáticas e implantación de aplicacións que veñan a facilitar as relacións cos cidadáns e co sector empresarial.

Dentro das liñas de actuación deste obxectivo, destacan especialmente, o proxecto de implantación da carpeta do cidadán así como a posta en funcionamento da licitación electrónica, os procesos informatizados do Rexistro de Contratistas, a presentación telemática de avais e a posta en funcionamento do sistema electrónico de facturación en OO. AA e entes dependentes.

Evolución e mellora dos servizos e sistemas de xestión para a informatización de novos procesos de carácter tributario, económico-financeiro e contable así coma de recursos humanos.

Reforzar as accións a desenvolver pola Xunta Consultiva de Contratación administrativa relativas ao asesoramento e tutela da lexislación vixente en materia de contratación administrativa das diferentes administracións públicas galegas.

Levar a cabo a verificación da información periódica, subministrada polas sociedades públicas autonómicas, elaborando unha base de datos que proporcione información homoxénea das diferentes unidades que exercen funcións de control sobre as entidades que conforman o sector público galego.

En colaboración co Cixtec, a Dirección de Orzamentos e a Intervención Xeral desenvolverán unha aplicación informática que partindo dos PAIF permita a información dos entes do sector público autonómico, desde a orzamentación á aprobación das contas, e que inclúa datos sobre estatutos, órganos de goberno e poderes.

Continuación do proceso de redistribución de espazos para conseguir o aproveitamento óptimo dos mesmos e rebaixando no posible o gasto en alugueiros.

Realizar todas as tarefas de colaboración e coordinación co Instituto Galego de Estatística nos cometidos recollidos na Lei de Plan Galego de Estatística. de Galicia.

Presentación no Parlamento do anteproxecto da Lei de Patrimonio e a posta a disposición das consellerías dunha aplicación de xestión patrimonial de bens inmobles.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma no exercicio 2011 formúlase como obxectivos primordiais os seguintes:

- I. Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade

de modernizar a administración , adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos . Este obxectivo desglosase en:

2. Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto.
3. Auditoría e control dos distintos programas de gasto e especialmente das actuacións con fondos comunitarios, para gañar en eficiencia.
4. Estender o control financeiro permanente e as auditorías de contas, legalidade e procedemento a todo o sector público dentro dunha programación plurianual e incrementar o grado de control no Sergas .

DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS

1. Os obxectivos da Dirección Xeral de Orzamentos para o ano 2011 encádranse dentro das funcións propias e específicas de elaboración, control e seguimento do orzamento da Comunidade Autónoma, que en concreto son as seguintes:
2. Controlar a execución dos orzamentos da Comunidade Autónoma consonte a Lei aprobada polo Parlamento e aos obxectivos de estabilidade orzamentaria previamente determinados.
3. Facilitar a información e transparencia sobre a execución do orzamento da Xunta de Galicia mediante o desenvolvemento da orzamentación por obxectivos, complementada coa mellora dos PAIF e a captura da información que permita a comprobación do grao de cumprimento dos obxectivos orzamentarios establecidos.
4. Xestionar eficazmente os expedientes modificativos de gasto promovidos polas diferentes consellerías.
5. Xestionar eficazmente os ingresos procedentes do sistema de financiamento da Comunidade Autónoma, así como o resto dos ingresos que de acordo coa normativa aplicable corresponde a esta dirección xeral.
6. Análise económica-financeira da evolución dinámica dos recursos da comunidade co obxecto de elaborar escenarios orzamentarios asentados no establecemento de modelos de proxección plurianual de ingresos e gastos.
7. Impulsar a análise das repercusións económico-orzamentarias das diferentes políticas de gasto aos efectos de posibilitar a súa execución dentro do marco da política de estabilidade.
8. Impulsar a aplicación da nova lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan mellorar o seguimento e mantemento dos diferentes programas orzamentarios e os obxectivos neles definidos mediante o establecemento de sistemas específicos para os gastos da dependencia, da sanidade pública, dos investimentos en infraestruturas e dos gastos de persoal na administración institucional.

DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos cuxa xestión corresponde a esta dirección xeral.

Desenvolvemento das modificacións legislativas en materia tributaria.

Mellorar a planificación, coordinación e control da xestión, inspección, recadación e revisión dos tributos xestionados pola Xunta, coa análise e deseño dos posibles modelos de xestión e organización.

Impulso das novas tecnoloxías así como da colaboración social, á busca da redución de papel e de trámites administrativos.

Posta en funcionamento da nova oficina virtual tributaria con novas funcionalidades e novos servizos. Desenvolvemento de servizos web para a presentación telemática de taxas e prezos. Implantación e desenvolvemento das presentacións telemáticas.

Dotar de maior calidade, eficacia e eficiencia aos procesos xestores a través da mellora dos procedementos internos coa racionalización e modernización dos actos administrativos así como do tratamento da información e dos procesos de control.

Mellora do control sobre o estado de tramitación de expedientes. Plan de control tributario: profundización da detección de áreas de risco.

Fomentar e extender a colaboración social.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

Os obxectivos da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro para o ano 2011 son:

1. Planificación do endebedamento da Comunidade Autónoma.
2. Negociar e formalizar operacións crediticias coa banca pública europea.
3. Lanzamento de débeda pública da Comunidade Autónoma a longo prazo.
4. Obtención das mellores condicións financeiras posibles para o endebedamento do exercicio, nun ano de inestabilidade dos mercados financeiros.
5. Afondar no asesoramento, control e seguimento do endebedamento do sector público da Comunidade Autónoma.
6. Incidir nos procedementos de tutela financeira ás CC.LL.
7. Seguimento dos procesos de integración e da constitución e renovación dos órganos de goberno das caixas de aforro galegas
8. Adaptación da normativa galega á nova normativa básica estatal.
9. Coordinación e xestión dos procedementos para constitución e devolución de avais por medios electrónicos.

10. Desenvolvemento da oficina virtual para a constitución de depósitos e garantías en metálico.
11. Presentación telemática de certificados de seguros de caución.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E FONDOS

A finalidade da Dirección Xeral de Planificación e Fondos consiste en avanzar na implementación das políticas de cohesión, rexional e da Unión Europea e en acadar unha xestión eficiente dos recursos procedentes dos fondos comunitarios.

Ámbalas dúas prioridades son coherentes e compatibles cos obxectivos estratéxicos contidos na Axenda de Lisboa, no Mecega, e no Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020.

1. O respecto do medio ambiente e a preservación dos recursos naturais, permitindo un desenvolvemento sostible.
2. A cohesión social e o equilibrio territorial, fomentando o crecemento endóxico.
3. A competitividade e o coñecemento, como elementos de crecemento económico.
4. O desenvolvemento cidadán e a creación e mantemento de emprego de calidade, valorizando os recursos humanos, e promovendo a igualdade de oportunidades.

Estes obxectivos, constitúen, ademais, unha clara referencia para os sectores privados da economía sobre cal será a actuación do sector público galego e da Xunta de Galicia na loita contra a crise e o reforzo da competitividade, intensificando as medidas con efectos inmediatos na xeración ou mantemento da actividade produtiva e do emprego, especialmente necesario nesta fase recesiva do ciclo económico e de grandes incertezas financeiras como é a que nos atopamos.

Contamos coa estabilidade dos ingresos procedentes dos Fondos Estruturais, respaldo e garantía do financiamento dunha parte substancial de programas esenciais de actuación, sendo nosa a responsabilidade dun pleno aproveitamento dos mesmos.

A Dirección Xeral de Planificación ten específicas competencias no proceso de administración dos fondos comunitarios, asumindo o obxectivo da consecución dun grao máximo de execución na súa contía, e da eficiencia no emprego dos mesmos, mediante as liñas de acción seguintes:

1. A elaboración e impulso de estudos sobre a economía galega, a nivel estrutural e conxuntural, especialmente sobre o impacto sobre a mesma da crise económica, e análise das alternativas e propostas para reforzar a capacidade da economía galega na mellora da competitividade e do crecemento económico e a creación de emprego de calidade, nun escenario de austeridade e control do gasto público.
2. Mellorar a coordinación e complementariedade entre a programación dos fondos estruturais (FEDER e FSE), os fondos sectoriais (FEADER e FEP), e do FCI, ao nivel estatal nos distintos grupos de traballo e no ámbito da comunidade autónoma na Comisión de Coordinación de

Fondos Comunitarios de Galicia.

3. Levar a cabo o seguimento da programación económica contida no Mecega.
4. Controlar as actuacións sobre subvencións e axudas públicas dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, comprobando a súa conformidade coa formativa comunitaria sobre contratación pública, igualdade de oportunidades, axudas de estado, información e libre concorrência.
5. Presenza, coordinación e, no seu caso, convocatoria e representación nos comités de seguimento dos programas operativos.
6. Proporcionar asistencia técnica e asesoramento aos xestores de fondos, de xeito que estes poidan acadar niveis óptimos de execución e eficacia dos fondos comunitarios.
7. Manter actualizada a formación e mellorar a capacitación dos xestores e administradores de fondos comunitarios, mediante a realización de cursos, seminarios ou xornadas sobre os programas operativos.
8. Poñer a disposición dos xestores novos sistemas informáticos de xestión, que permitan un maior grado de acceso e desagregación da información, e faciliten as accións de control financeiro das subvencións, axudas e actuacións, permitindo a selección de mostras, o desenvolvemento dos traballos de control e o subministro de información das sucesivas fases de execución.
9. Elaboración e difusión de manuais de procedemento para a xestión e cumprimento da elixibilidade e subvencionalidade das actuacións financiadas con Fondos Feder e FSE, e determinación dos criterios de selección de operacións, recollendo as tarefas a desenvolver para optimizar o control financeiro dos fondos europeos.
10. Seguimento dos plans de comunicación e publicidade, e as guías de seguimento e avaliación dos programas operativos Feder e FSE, e levar a cabo as medidas de comunicación necesarias para lograr unha maior difusión da contribución dos fondos europeos, xunto ao seguimento das actuacións nesta materia desenvolvidas polos xestores.
11. Realizar ou tutelar as funcións de control dos programas operativos a realizar pola Dirección Xeral de Planificación como organismo intermedio, pola Xunta de Galicia, mediante os mecanismos de control de calidade, verificacións administrativas e auditorías a desenvolver pola dirección xeral.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A actividade da Dirección Xeral da Función Pública no 2010 virá determinada polos seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

1. Aprobación dunha nova lei de función pública como consecuencia das previsións contidas na Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.
2. O desenvolvemento da aplicación informática de recursos humanos.
3. O desenvolvemento e actualización das aplicacións informáticas da Oficina de Incompatibi-

lidades e Boas Prácticas.

4. O estudo dos regulamentos de desenvolvemento da nova lei da función pública de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.
 5. Desenvolvemento dos procesos do persoal laboral.
 6. Colaboración con medios persoais e materiais nas eleccións sindicais.
 7. Estudo e desenvolvemento dun plan de igualdade de sexo na Administración pública con medidas de conciliación da vida familiar e laboral.
 8. Coordinación dos traballos da comisión creada pola Orde de 3 de xullo de 2009, para o estudo das vixentes asistencias técnicas, contratos de servizo, consultorias e encomendas de xestión.
 9. A tramitación dos concursos de traslados de Administración xeral e de Administración especial.
 10. O desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración da discapacidade na Función Pública de Galicia.
 11. A elaboración e tramitación dos expedientes de modificación das relacións de postos de traballo para adecualas ás novas estruturas orgánicas da Administración da Xunta de Galicia.
- A nova lei de función pública

No ano 2011 deberase realizar o desenvolvemento da lei da función pública de Galicia como consecuencia das previsións contidas na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como o estudo dos regulamentos de desenvolvemento da nova Lei da Función Pública de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Dirixir e coordinar as actividades estatísticas no ámbito competencial da comunidade autónoma, fortalecendo especialmente a cooperación coas consellerías para a elaboración dos proxectos técnicos das operacións que lles encomendan os programas estatísticos e para a catalogación dos rexistros administrativos de interese estatístico.

Elaborar as estatísticas do programa 2011 e as que se establezan en virtude de convenios con outros organismos públicos, en particular as que se derivan do asinado co Instituto Nacional de Estadística para a realización conxunta da enquisa de poboación activa en Galicia.

Promover a confección de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística pública galega, participando activamente no Foro Rexional de Estatística e nos seus grupos de traballo e coordinando o de inventario de operacións estatísticas.

Fomentar a investigación estatística e avanzar na elaboración de programas informáticos para o tratamento integrado das enquisas.

Contribuír á elaboración dos indicadores sintéticos de seguimento do Plan Estratéxico Galicia 2010-2014.

Avanzar no cumprimento dos obxectivos do PGE 2007-2011 sobre cooperación transfronteiriza e coñecemento da realidade e da evolución demográfica de Galicia participando nos proxectos europeos CT G-NP/GNP, AECT e DART.

TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

A actuación do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, ten como finalidade, dende a perspectiva do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, a defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia.

O citado obxectivo estratéxico, tradúcese nas seguintes liñas básicas de actuación:

1. Resolver dun xeito adecuado e rápido os expedientes relativos a condutas anticompetitivas que teñan entrada no Tribunal.
2. Realizar puntual e rigorosamente os informes e funcións consultivas que lle corresponden ou lle sexan solicitados.
3. Elaborar en tempo a memoria anual e o informe sobre a situación da competencia en Galicia, e remitilos ao Parlamento.
4. Estimular a actuación de oficio do SGDC, en base á idea de que algunhas das prácticas ilícitas que ocorren nos mercados non son denunciadas.
5. Realizar estudos sobre a competencia efectiva nos mercados galegos, identificando accións de remedio, fundamentadas en evidencia sólida, con impacto efectivo e oportuno sobre a competencia.
6. Manter e mesmo fortalecer as relacións institucionais do TGDC tanto no ámbito galego como en outras áreas que podan ter repercusión sobre a actividade do Tribunal, en especial cos órganos da Administración xeral do Estado e cos demais tribunais autonómicos.
7. Mellorar a claridade e difusión dos expedientes, informes e estudos realizados.
8. Facer uso efectivo e eficiente de todos os seus recursos no marco do orzamento asignado.
9. Compartir internamente as mellores prácticas no marco dunha cultura de mellora continua.
A partir da entrada en vigor da nova lei, asumiránse as seguintes actuacións:
 1. Colaborar co Estado no control das concentracións económicas que afecten especialmente á Comunidade Autónoma.
 2. Exercer un maior control sobre as axudas públicas que se concedan en Galicia.
 3. Exercer funcións de promoción da competencia e de asesoramento nesta materia.
 4. Cando proceda, impugnar en vía xudicial actos e disposicións de rango inferior a lei das administracións públicas galegas cando vulneren a normativa de competencia.
 5. Colaborar cos órganos xurisdiccionais nos procedementos abertos sobre cuestións relativas

ás condutas prohibidas en materia de competencia.

6. Emitir informes sobre cuestións relativas á defensa da competencia, así como sobre os proxectos de lei e outras normas autonómicas que poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados.

II.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

II.3.1. DOS ENTES PÚBLICOS

CIXTEC

Enmarcado dentro dos fins e obxectivos que a Lei 2/1998 asigna ó Cixtec están as actuacións que permitirán poñer a disposición dos usuarios novos procedementos informatizados no ámbito da xunta de Galicia, o que redundará nunha maior operatividade das aplicacións e dos recursos afectados.

Así pois, dentro dos obxectivos estratégicos marcados pola xunta de Galicia de cara a impulsar a modernización da sociedade da información mediante os investimentos en TIC, o Cixtec establece as seguintes liñas de actuación para o exercicio económico 2011:

1. Fomento da e-administración para a gradual informatización de procesos administrativos e moi expresamente aqueles que teñan como finalidade facilitar as relacións coa cidadanía e as empresas.
2. O desenvolvemento de aplicacións informáticas e implantación de aplicacións que veñan a facilitar as relacións cos cidadáns e co sector empresarial. Destacan especialmente, o proxecto de implantación da Carpeta do Cidadán así como o desenvolvemento da Licitación Electrónica, os desenvolvementos relacionados co Rexistro de Contratistas, as novas funcionalidades incorporadas no Sistema Electrónico de Facturación e os módulos a desenvolver na Oficina Virtual Tributaria e de Perceptores.
3. O desenvolvemento que permita novas operatividades dentro dos grandes proxectos de Xestión Integrada de Tributos (XEITO), no Sistema de Información Contable (XUMCO), a integración mecanizada dos Recursos Humanos (BREIXO) e o Sistema de Información de Nómina (NOMINA).

Todas estas actuacións estableceráanse de forma coordinada cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, co fin de mellorar a eficiencia pública a través da coordinación e racionalización das actividades.

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

As liñas de acción para o exercicio económico 2011 son atender plenamente as súas actividades, tales como:

1. Ditames de solicitude preceptiva de anteprojectos de lei, proxectos de decretos lexislativos,

plans xerais e sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, de anteprojectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, ás competencias ou funcionamento do Consello, e de anteprojectos ou proxectos relativos a materias que por precepto expreso dunha lei teñan que serlle consultadas ao Consello.

2. Ditames facultativos, solicitados polo Consello da Xunta ou polas consellerías.
3. Informes ou estudos por solicitude da Xunta de Galicia sobre as reformas de normativa vixente e sobre a elaboración de plans e programas que afecten ao desenvolvemento económico e social.
4. Informes ou estudos por propia iniciativa sobre as reformas da normativa vixente e a elaboración dos plans e programas así como a execución destes co obxectivo de mellorar o desenvolvemento económico e social da comunidade, e sobre as repercusións e adaptacións que as novas tecnoloxías impoñan no sistema económico e social galego.
5. Memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e sobre as recomendacións ou orientacións, se é o caso, acerca da política orzamentaria.

II.3.2. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS

SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA (SPI)

A sociedade formúlase a realización de actuacións correspondentes ás infraestruturas en curso, encargadas por diversos departamentos da Xunta de Galicia, así como o inicio de novos proxectos de investimento.

AUTOESTRADA ALTO DE SANTO DOMINGO-OURENSE, S.A (ACEOUSA)

A Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A ten como obxectivo culminar o proceso de disolución e liquidación iniciado no ano 2010.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 124A - DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é levar a cabo as funcións propias deste centro directivo, que se concretan nas seguintes:

1. Tramitación de procesos selectivos en todas as súas fases.
2. Tramitación de procesos de contratación temporal.
3. Procesos de provisión: concursos de traslados de persoal laboral e funcionario.
4. Resolución das situacións administrativas e demais do persoal funcionario, laboral da Administración da comunidade autónoma previstas no capítulo II do título V da Lei 4/1988 e no Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
5. Emitir os informes previos en relación coas retribucións e, en xeral, con calquera autorización de melloras retributivas, individuais e colectivas, que afecten ao persoal ao servizo da comunidade autónoma.
6. Coordinación, información e participación nos órganos correspondentes relativos ás relacións laborais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
7. Formalización e sinatura dos contratos dos laborais fixos.
8. A inscrición no rexistro central de persoal de todos os actos que afecten á vida administrativa do persoal da súa competencia.
9. A clasificación de órganos de selección de persoal e fixación do límite máximo de asistencias que percibirán os membros de tales órganos.
10. Xestión do Fondo de Acción Social.
11. A xestión dos rexistros de altos cargos.
12. A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 9/1996, do 18 de outubro.
13. Mantemento e xestión do rexistro de persoal eventual da Xunta de Galicia.
14. A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten en materia de réxime de persoal.
15. A emisión de informes sobre os decretos de estrutura orgánica.
16. Tramitación de propostas ou modificación de todas as relacións de postos de traballo para a súa aprobación.
17. O funcionamento do Cosello Asesor para a integración da discapacidade na Función Pública de Galicia.

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral da Función Pública.

III.1.2. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúese neste programa a dirección e coordinación das actividades estatísticas no ámbito competencial da Comunidade Autónoma que leva a cabo o Instituto Galego de Estatística (IGE), creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, como organismo autónomo de carácter administrativo, para o cumprimento das súas finalidades.

A execución deste programa contribuirá ao cumprimento do Obxectivo estratéxico relativo á creación, organización e difusión do coñecemento estatístico do Plan Estratéxico Galicia 2010-2014

Actividades:

Dirixir e coordinar as actividades estatísticas no ámbito competencial da comunidade autónoma.

Elaborar as estatísticas que se establezan no Plan galego de estatística e no Programa estatístico 2011, así como calquera outras que lle poidan encomendar ou que se establezan en virtude dos convenios con outros organismos públicos.

Promover a confección de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística pública galega.

Fomentar a investigación estatística.

Fomentar a coordinación e a cooperación en materia estatística con outros organismos estatais e internacionais

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral e do Patrimonio

Instituto Galego de Estatística

III.1.3. PROGRAMA 611A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é, con carácter xeral, atender e xestionar os gastos de persoal

e de funcionamento dos servizos centrais da Consellería de Facenda.

Coordinar os servizos centrais, tanto no que respecta a medios humanos como materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

Para a levar a cabo a súa execución establece as seguintes actuacións:

1. Xestión económica e seguimento da execución orzamentaria dos diferentes servizos da consellería.
2. Xestión de servizos para apoio a diversas actividades da consellería.
3. Xestión das transferencias correntes e de capital ao Cixtec e ao CES para o seu financiamento.
4. Xestión de recursos humanos da Consellería de Facenda.
5. Implantación de medidas tendentes a optimizar o funcionamento do sector público autonómico.
6. Emitir informes e ditames dirixidos ao sector público en materia de contratación administrativa no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
7. Seguimento das medidas de austeridade e racionalización do gasto público incluídas neste orzamento.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral e do Patrimonio

III.1.4. PROGRAMA 612A - PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Elaboración e seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma:

Informar calquera iniciativa legislativa ou norma de rango regulamentario, plans ou programas de actuación, en aras de valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento das exigencias do principio de estabilidade orzamentaria, tendo en conta a situación económica actual.

Elaboración do proxecto dos orzamentos xerais da comunidade autónoma e xestionar as modificacións precisas para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan Estratégico.

Análise e seguimento da execución do orzamento de ingresos, enmarcado dentro dun escenario financeiro adverso, tanto respecto das finanzas autonómicas como estatais e mesmo europeas de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade.

Seguimento da execución dos programas de gasto orzamentados e do equilibrio orzamentario, dentro dun sistema de orzamentación encamiñada a resultados.

Seguimento das medidas de austeridade e racionalización do gasto público incluídas neste orzamento e proposta de medidas para corrixir posibles desfases que xurdan no 2011.

Seguimento e soporte da execución financeira do Sergas.

Mantemento e seguimento dos obxectivos estratéxicos e operativos de cada programa de gastos.

Orzamentación, seguimento e proposta de racionalización dos gastos de persoal, tanto na administración xeral coma na administración institucional co obxectivo de racionalización e optimización dos recursos existentes, evitando incrementos de custos inasumibles no actual contexto económico e en consonancia co acordo marco sobre sostenibilidade das finanzas públicas.

Análise dos obxectivos e actuacións das entidades que integren o sector público autonómico, da súa coherencia coas políticas de gasto e avaliación da súa incidencia financeira.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación e Fondos

Dirección Xeral de Orzamentos

III.1.5. PROGRAMA 613A - DEFENSA DA COMPETENCIA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúense neste programa as actividades que leva a cabo o Tribunal Galego de Defensa da Competencia, creado pola Lei 6/2004, do 12 de xullo, como organismo autónomo de carácter administrativo, para o cumprimento das súas finalidades.

Para o seu desenvolvemento e aplicación faremos as seguintes actuacións:

1. Elaborar as resolucións correspondentes aos expedientes relativos á conduta dos operadores económicos que teñan entrada no tribunal.
2. Elaborar os informes ou ditames que lle sexan requiridos, ao abeiro do disposto na Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da comunidade autónoma. En particular, contribuír á calidade das normas e á superación de obstáculos á libre competencia, especialmente os que teñan a súa orixe na actuación das administracións públicas.
3. Elaborar e promover estudos sobre a situación da competencia en Galicia e sobre as posibi-

- lidades de mellora dos niveis de competencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Elaborar folletos informativos e publicacións destinadas a dar a coñecer os valores da competencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
 5. Organizar ou promover xomadas e, en xeral, cantas actividades contribúan á difusión dos valores da competencia na Comunidade Autónoma de Galicia,
 6. Participar nos actos e iniciativas que se organicen por outras entidades ou organismos de defensa da competencia nacionais ou internacionais, colaborando nas súas actividades. En especial participar nos grupos de traballo que se xeren entre as autoridades de competencia, así como en cantos actos se organicen por parte das autoridades nacionais da competencia, mesmo en calidade de relatores para expoñer a experiencia dos órganos galegos.
 7. Desenvolver un mecanismo de revisión da normativa autonómica existente, ao obxecto de poder detectar posibles atrancos á competencia de orixe normativo.
 8. Desenvolver un procedemento axeitado para a clasificación das axudas públicas outorgadas, así como a análise dos seus efectos sobre a competencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
 9. Elaborar a memoria anual e o informe sobre a situación da competencia e remitilos ao Parlamento.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral e do Patrimonio

Tribunal Galego de Defensa da Competencia

III.1.6. PROGRAMA 621A - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A aplicación e o seu desenvolvemento materialízanse a través das seguintes actuacións:

- Seguimento da reforma do modelo de financiamento autonómico.
- Control financeiro do gasto.
- Ordenación de pagamentos e xestión de cobros.
- Planificación do endebedamento da Comunidade Autónoma.
- Control da xestión dos tributos propios.
- Coordinación e xestión da contabilidade presupostaria, financeira e patrimonial da Comunidade Autónoma.

- Control interno da actividade económico-financeira.
- Xestión patrimonial.
- Desenvolvemento normativo e execución en materia de mediación de seguros.
- Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
- Supervisión de caixas de aforro e outras entidades financeiras.
- Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto
- Auditoría e control dos distintos programas de gasto e especialmente das actuacións con fondos comunitarios para gañar en eficiencia
- Estender o control financeiro permanente e as auditorías de contas, legalidade e procedemento a todo o sector público dentro dunha programación plurianual e incrementar o grado de control no Sergas
- Optimización da xestión dos bens da comunidade autónoma coa posta en valor daquel patrimonio inmobiliario non afecto a usos ou servizos públicos.
- Control da aplicación dos tributos e ingresos xestionados pola Consellería de Facenda coas seguintes accións:
 1. Análise e deseño da política global de ingresos públicos, e elaboración da súa normativa no relativo aos tributos cedidos polo Estado á comunidade autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
 2. Accións de mellora na xestión, inspección e recadación dos mesmos.
 3. Impulso da Oficina Virtual Tributaria e Fanceira.
 4. O impulso e a coordinación das relacións de colaboración Iue, en materia tributaria, se pidan establecer con outras administracións públicas.
 5. Apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.
- Ordenación de pagamentos e xestión de cobros.
- Planificación do endebedamento da Comunidade Autónoma.
- Desenvolvemento normativo e execución en materia de mediación de seguros.
- Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
- Supervisión de caixas de aforro e outras entidades financeiras.

-Elaboración da estratexia e do programa anual de endebedamento da Comunidade Autónoma.

-Materialización do endebedamento autorizado para o exercicio.

-Execución da tutela financeira sobre as CCLL.

-Supervisión e control da mediación de seguros e das mutualidades de previsión social.

-Supervisión e control da obra social das caixas de aforros.

-Supervisión e control do funcionamento dos órganos de goberno das caixas de aforros galegas e dos seus procesos electorais.

-Análise, inspección e supervisión financeira das caixas de aforro galegas.

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral e do Patrimonio

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Dirección Xeral de Tributos

Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro

IV. CADRO DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Progr.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Unid. Med.	Valor Final
	Obxectivos Operativos			
124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA				
Fomentar a transparencia na xestión dos recursos humanos da comunidade				
	Actuacións para o fomento da transparencia na xestión dos recursos humanos da comunidade e do rexistro de actividades de altos cargos	Actuacións de mellora	Nº	25,00
Suporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación				
	Suporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador		
581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA				
Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico				
	Cumprir e coordinar o Programa estatístico anual	Operacións e actividades estadísticas de	%	100,00
Suporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación				
	Suporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador		
611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA				
Fomento das TIC e e-Administración, como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade e atención ao cidadán				
	Evolución e mellora dos servizos e sistemas de xestión para a informatización de novos procesos de carácter tributario, económico-financiero e contable, así coma de recursos humanos	Novas funcionalidades incorporadas aos s	Nº	10,00
	Fomento da e-administración para a gradual informatización de procesos administrativos e moi expresamente aqueles que teñan como finalidade facilitar as relacións coa cidadanía e as empresas	Servizos que poden realizar as empresas	Nº	10,00
Suporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación				
	Suporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador		
612A PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA				
Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público privadas e en colabora				
	Reforzar as tarefas de planificación e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais como organismo Intermedio	Diminuír as irregularidades detectadas n	%	2,00
Suporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación				
	Suporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador		
613A DEFENSA DA COMPETENCIA				
Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia				
	Reforzo dos organismos reguladores da competencia, mellorando os servizos do TGDC	Incremento 15% anual do nº exped de ofic	%	14,00
621A ADMINISTRACIÓN FINANXEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.				
Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público privadas e en colabora				

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Auditorías e control dos distintos programas de gasto, e especialmente das actuacións con fondos comunitarios, para gañar en eficiencia	Auditorías a realizar	Unidades	580,00
Racionalización, simplificación e automatización dos procesos administrativos de xestión (internos) da Xunta de Galicia	Procesos internos admin de xestión ración	Nº	300.000,00
Fomento das TIC e e-Administración, como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade e atención ao cidad			
Mellorar os servizos tributarios e de pagos incorporando ás TIC.	Situar as declaracións tributarias elect	%	50,00
Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación			
Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador		

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	05
581A-Elaboración e difusión estatística	4				
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	20.209				
612A-Planificación, orzamentación e coordinación económica			1.270		
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	11.024	7.753		2.806	1.443
Total	31.236	7.753	1.270	2.806	1.443

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	06	07	80	81	Total
124A-Dirección, modernización e xestión da Función Pública		2.379			2.379
581A-Elaboración e difusión estatística			4.297		4.301
611A-Dirección e servizos xerais de facenda					20.209
612A-Planificación, orzamentación e coordinación económica	3.704				4.974
613A-Defensa da competencia				560	560
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control					23.025
Total	3.704	2.379	4.297	560	55.447

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
124A-Dirección, modernización e xestión da Función Pública	2.169	196		13				2.379
581A-Elaboración e difusión estatística	2.950	380			970			4.301
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	3.795	1.406		7.538	519	6.950		20.209
612A-Planificación, orzamentación e coordinación económica	2.671				2.303			4.974
613A-Defensa da competencia	386	164		10				560
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	19.998	2.247	2		565		213	23.025
Total	31.969	4.394	2	7.562	4.357	6.950	213	55.447

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	15.755	13.988	-11,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.312	2.028	-12,3
Cap. IV - Transferencias correntes	8.528	7.538	-11,6
Cap. V - Fondo de continxencia	20	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.037	519	-74,5
Cap. VII - Transferencias de capital	9.224	6.950	-24,7
Cap. VIII - Activos financeiros	250	213	-15,0
Total	38.125	31.236	-18,1

(Miles de Euros)

02 INTERVENCIÓN XERAL DA CC.AA.	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.142	7.188	-11,7
Cap. VI - Investimentos reais	826	565	-31,6
Total	8.967	7.753	-13,5

(Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.472	1.270	-13,7
Total	1.472	1.270	-13,7

(Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.339	1.177	-12,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.630	1.629	-0,1
Total	2.969	2.806	-5,5

(Miles de Euros)

05 D.x. POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.651	1.440	-12,8
Cap. III - Gastos financeiros	4	2	-30,0
Total	1.654	1.443	-12,8

(Miles de Euros)

06 D.X. DE PLANIFICACIÓN E FONDOS	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.604	1.401	-12,7
Cap. VI - Investimentos reais	2.293	2.303	0,4
Total	3.897	3.704	-5,0

(Miles de Euros)

07 D.X. DE FUNCIÓN PÚBLICA	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.514	2.169	-13,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	200	196	-2,0
Cap. IV - Transferencias correntes	16	13	-15,0
Total	2.730	2.379	-12,9

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.043	2.950	-3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	381	377	-1,2
Cap. IV - Transferencias correntes	25	0	-100,0
Cap. V - Fondo de continxencia	2	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.228	970	-21,0
Total	4.680	4.297	-8,2

(Miles de Euros)

81 TRIBUNAL GALEGO DEFENSA DA COMPETENCIA	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	469	386	-17,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	253	164	-35,2
Cap. IV - Transferencias correntes	22	10	-54,1
Cap. V - Fondo de continxencia	6	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	19	0	-100,0
Total	769	560	-27,2

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2010	2011	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO	38.125	31.236	-18,1
02 INTERVENCIÓN XERAL DA CC.AA.	8.967	7.753	-13,5
03 DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS	1.472	1.270	-13,7
04 DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS	2.969	2.806	-5,5
05 D.X. POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO	1.654	1.443	-12,8
06 D.X. DE PLANIFICACIÓN E FONDOS	3.897	3.704	-5,0
07 D.X. DE FUNCIÓN PÚBLICA	2.730	2.379	-12,9
80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.680	4.297	-8,2
81 TRIBUNAL GALEGO DEFENSA DA COMPETENCIA	769	560	-27,2
Total	65.263	55.447	-15,0

(Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos e Axencia Pública

	Consellería		00.AA ou/e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Cap. I - Gastos de persoal	32.477	28.633	3.512	3.336	0	0	35.988	31.969
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.142	3.853	635	541	0	0	4.777	4.394
Cap. III - Gastos financeiros	4	2	0	0	0	0	4	2
Cap. IV - Transferencias correntes	12.711	11.433	47	10	4.167	3.882	8.590	7.562
OPERACIÓNS CORRENTES	49.333	43.922	4.193	3.887	4.167	3.882	49.359	43.928
Cap. V - Fondo de continxencia	20	0	8	0	0	0	28	0
Cap. VI - Investimentos reais	5.155	3.387	1.247	970	0	0	6.403	4.357
Cap. VII - Transferencias de capital	10.472	7.920	0	0	1.247	970	9.224	6.950
Cap. VIII - Activos financeiros	250	213	0	0	0	0	250	213
OPERACIÓNS DE CAPITAL	15.896	11.520	1.256	970	1.247	970	15.905	11.520
Total	65.229	55.442	5.449	4.857	5.415	4.852	65.263	55.447

(Miles de Euros)

Medios Persoais

Facenda	2011
Altos Cargos	8
Persoal Funcionario	836
Subgrupo A1	192
Subgrupo A2	208
Subgrupo C1	241
Subgrupo C2	176
Agrupacións profesionais	19
Persoal Laboral	39
Grupo I	1
Grupo II	2
Grupo III	11
Grupo IV	21
Grupo V	4
TOTAL	883

Medios Persoais

Instituto Galego de Estatística	2011
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	63
Subgrupo A1	28
Subgrupo A2	21
Subgrupo C1	7
Subgrupo C2	6
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	10
Grupo III	9
Grupo IV	1
TOTAL	74

Tribunal Galego de Defensa da Competencia	2011
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	7
Subgrupo A1	3
Subgrupo C1	3
Agrupacións profesionais	1
TOTAL	8

Sociedades Públicas, Fundacións e Consorcios

	2011	
	Capital	Explotación
Sociedades Mercantis		
Soc. Autoestrada Alto de Santo Domingo	4.571	10.775
Soc. Pública de Investimentos de Galicia	200.443	7.582
Entes Públicos	Capital	Explotación
Cixtec	6.950	18.140
Consello Económico e Social	0	788

(Miles de Euros)

